

O Estado e o control do pensamento



As grandes poboacións, o anonimato, o emprego de diñeiro e as enormes diferenzas na riqueza fan que o mantemento da lei e da orde sexa máis difícil nas sociedades estatais ca nas bandas, aldeas e xefaturas.

Isto explica a grande complexidade tanto das forzas policiais e paramilitares como das demais institucións e especialistas estatais que se ocupan do crime e do castigo. Aínda que, en última instancia, todo Estado se atopa preparado para esnaquizar aos criminais e subversivos políticos encarcerándoos, mutilándoos ou executándoos, o peso da tarefa cotiá de manter a lei e a orde fronte aos individuos ou grupos descontentos sóportano, na súa maior parte, institucións que tratan de confundir, distraer ou desmoralizar aos alborotadores en potencia antes de que sexa necesario sometelos pola forza. Por tanto, todo Estado, antigo e moderno, dispón de especialistas que realizan servizos ideolóxicos en apoio

Ideoloxía: ideas deseñadas polos poderes co obxectivo de enmascarar os seus intereses privados presentándoos como os intereses da sociedade no seu conxunto.

do *statu quo* [o estado de cousas dado]. A miúdo, estes servizos préstanse de formas e en contextos que non parecen ter relación cos problemas económicos e políticos.

Unha maneira de lograr o control do pensamento consiste non en asustar ou ameazar á xente, senón en invitalas a identificarse coa elite gobernante e gozar indirectamente da pompa dos acontecementos estatais. Espectáculos públicos como procesións relixiosas, coroacións e desfiles de vitoria operan en contra dos efectos alienantes da pobreza e explotación. Durante a época romana as masas eran sometidas a control permitíndolles contemplar combates de gladiadores e outros espectáculos circenses. Os sistemas estatais modernos teñen nas películas, a televisión, a radio, os deportes organizados (...) técnicas infinitamente máis poderosas para distraer e entreter aos seus cidadáns. A través dos modernos medios de comunicación a conciencia de millóns de oíntes, lectores e espectadores é a miúdo manipulada segundo vías determinadas con precisión por especialistas a soldo do goberno. Pero tal vez a forma máis efectiva de «circo romano» ata agora ideada sexan os «entretementos» transmitidos polo aire directamente ata a chabola ou o apartamento.

Sen embargo, os medios modernos máis poderosos de control do pensamento pode que non estean nos narcóticos electrónicos da industria do entretemento, senón no aparato de educación obrigatoria apoiado polo Estado. Mestres e escolas satisfan evidentemente as necesidades instrumentais das complexas civilizacións industriais adestrando a cada xeración nos servizos técnicos e de organización necesarios para a supervivencia e benestar. Pero mestres e escolas tamén dedican moito tempo a unha educación non

instrumental: formación cívica, historia, educación política e estudos sociais. Estas materias están cheas de supostos implícitos e explícitos sobre a cultura, o ser humano e a natureza que indican a superioridade do sistema político-económico no que son ensinadas. (...) As democracias capitalistas occidentais son, en xeral, menos propensas a recoñecer que os seus sistemas educativos son tamén instrumentos de control político. Moitos mestres e alumnos, ao carecer dunha perspectiva comparativa, non son conscientes da medida na que os seus libros, plans de estudo e exposicións en clase apoian o *statu quo*. (...)

Os modernos sistemas de educación obrigatoria, desde os xardíns de infancia ata as universidades, operan cun dobro modelo politicamente útil. Na esfera das matemáticas e das ciencias biolóxicas, estímúlase aos estudantes a que sexan creativos, perseverantes, metódicos, lóxicos e inquisitivos. Por outra parte, os cursos que tratan de fenómenos culturais evitan sistematicamente os «temas controvertidos» (por exemplo, a concentración da riqueza, a propiedade das multinacionais, a nacionalización das compañías petrolíferas, a implicación de bancos e inmobiliarias na especulación do solo urbano, os puntos de vista das minorías étnicas e raciais, o control dos medios de comunicación de masas, o presuposto de defensa militar, os puntos de vistas das nacións subdesenvolvidas, as alternativas ao capitalismo e ao nacionalismo, o ateísmo, etc.).

Jules Henry, quen pasou do estudo dos indios en Brasil ao estudo dos institutos de ensinanza media en St. Louis, contribuíu á comprensión das maneiras na que a educación nacional moldea a pauta de conformidade nacional: “A

escola é, en efecto, un adestramento para a vida posterior non porque ensine (mellor ou peor) a lectura, escritura e aritmética, senón porque inculca o pesadelo cultural esencial: o medo ao fracaso, envexa do éxito...”.

Marvin Harris, *Antropología cultural*, pp. 351-358.

Actividades

1. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

1- Nas sociedades máis complexas é máis doado manter a orde	
2- Nas sociedades máis complexas é máis difícil manter a lei e a orde	
3- As sociedades modernas posúen especialistas que se ocupan do crime	
4- Todas as sociedades dispoñen de especialistas en servizos ideolóxicos	
5- A mellor maneira de garantir a orde e controlar o que a xente pensa	
6- Os entretementos (televisión, cine) non teñen importancia política	
7- Os deportes organizados serven para distraer a atención dos cidadáns	
8- A través dos espectáculos os gobernos manipulan aos cidadáns	
9- O medio máis poderoso de control do pensamento é a educación	
10- Nas escolas ensínase que o sistema político propio é peor cós outros	
11- Nas escolas ensínase a superioridade do sistema económico capitalista	
12- Nas escolas non se tratan os temas máis controvertidos da sociedade	
13- A escola é sobre todo un adestramento para a vida posterior	
14- A escola adoutrina no medo ao fracaso	

2. Cuestións:

2.1. Cal é razón da complexidade das forzas policiais nas sociedades estatais modernas? (liñas 1-5).

2.2. Que función realizan os especialistas en servizos ideolóxicos aos que se alude no texto? (liñas 15-20).

2.3. Cales son os dous instrumentos aos que se alude no texto para lograr o control do pensamento da xente? Resume o seu modo de funcionamento (liñas 25-26; 42-45).

2.4. Cal é a utilidade política dos sistemas de educación obrigatoria tal como están deseñados? (liñas 62-85).